

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 27 de novembro de 2015

# **Explotación do directorio de empresas e unidades locais (38101)**

**(PROXECTO TÉCNICO)**

# Proxecto técnico

## 1. Obxectivos

O directorio de empresas consiste nun conxunto organizado de información sobre a identificación, localización, actividade económica e tamaño das empresas.

A elaboración do directorio ten como principal obxectivo proporcionar un marco de referencia para a realización de enquisas por mostraxe. Ademais, debe servir para satisfacer a demanda de información sobre o tecido empresarial galego, subministrando datos básicos de identificación e clasificación, normalizados por territorio, actividade e tamaño.

## 2. Unidades estatísticas

O directorio inclúe dous tipos de unidades: empresa e unidade local.

**Empresa:** unidade xurídica que proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios. Rexístranse as empresas que realizan algunha actividade económica en Galicia, tanto as que teñen a súa sede social na Comunidade Autónoma como as de sede fóra.

**Unidade local:** Empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito,...) situada nun lugar delimitado tipograficamente onde se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular.

O Regulamento (CEE) nº 696/93 do Consello, do 15 de marzo de 1993, relativo ás unidades estatísticas de observación e análise completa esta definición cunhas notas explicativas:

No caso de que unha persoa traballe en varios lugares (para o mantemento ou a vixilancia) ou traballe no domicilio, a unidade local da que depende é o lugar desde o que recibe instrucións ou no que se organiza o traballo.

A unidade local así definida non coincide coa clásica de “establecemento”. O establecemento sería unha unidade local na que estarían vinculados de modo

inequívoco actividade e territorio. Poderíase entender un establecemento como unidade local “con local” fronte á unidade local “sen local” propia das actividades de profesionais ou colectivos con forte presenza de minifundismo empresarial, actividades que non se exercen nun lugar fixo e que en moitos casos teñen o domicilio particular como único referente estable para a organización da produción.

### 3. Variables

**Ano:** A data de referencia do directorio é o 1 de xaneiro.

**Actividade económica:** Produción de bens e servizos a partir da utilización de capital, materias primas e traballo.

Unha empresa pode desenvolver tres tipos de actividades: actividade principal, secundarias e auxiliares. A actividade principal distínguese das secundarias porque é a que xera maior valor engadido bruto, mentres que as actividades auxiliares son aquelas que xeran servizos que non son vendidos no mercado e serven unicamente á unidade da que dependen (departamento de administración, servizos de transporte ou almacenamento).

Ante a dificultade que supón para as empresas o cálculo do valor engadido, considérase como actividade principal a que xera maior cifra de negocios ou, no seu defecto, a que ocupa o maior número de persoas.

No directorio, cada empresa e cada unidade local están clasificadas segundo a súa actividade principal. A codificación das actividades segue a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93 Rev.1) ata o ano 2009. A partir do 1 de xaneiro de 2009 utilízase a CNAE-2009 aprobada polo Real Decreto 475/2007, do 13 de abril publicado no BOE o 28 de abril de 2007. No ano 2009 conviven no directorio ambas clasificacións.

O Regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, de 22 de xullo de 1993, relativo á coordinación comunitaria do desenvolvemento dos rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos establece como optativa a inclusión das empresas cuxa actividade principal figure nas seccións A (agricultura, gandería, caza e silvicultura), B (Pesca) e L (Administración pública, defensa e seguridade social). Esta limitación do directorio afecta a cobertura de locais noutras ramas de actividade con forte presenza do sector público (seccións M, N ou O da CNAE-93).

Ademais, o regulamento establece que non se inclúen no rexistros de empresas os fogares:

- na medida en que a súa produción vaia destinada ao autoconsumo
- na medida en que produzan servizos de arrendamento de bens inmobiliarios propios ou alugados, incluídos no grupo 70.2 da CNAE-93.

Tampouco se inclúen no directorio as comunidades de propietarios nin os organismos extraterritoriais (sección Q da CNAE-93).

O Regulamento (CEE) nº 177/2008 do Parlamento Europeo e do consello, do 20 de febreiro de 2008 (Diario Oficial da Unión Europea do 5 de marzo de 2008) que establece un marco común para os rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos e derroga o regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, establece que nos rexistros de empresas deberanse incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto e as súas unidades locais. Nos próximos directorios, para adaptarse a este Regulamento, procederase a incluír todas as actividades económicas.

**Asalariado:** Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios. O directorio utiliza esta información como medida de tamaño da empresa.

**Condición xurídica:** Tipo de personalidade xurídica do titular da empresa responsable da actividade. Esta variable obtense a partir do primeiro carácter do número de identificación fiscal (NIF), e as súas modalidades estaban reguladas ata o ano 2008 pola orde do 9 de xaneiro de 1989 (BOE de 13 de xaneiro de 1989) que modifica o Decreto 2423/1975. A partir de xullo de 2008 entra en vigor a orde EHA/451/2008 do 20 de febreiro que modifica estas claves.

A condición xurídica das empresas que figuran no directorio obtense a partir da primeira letra do CIF e segue os seguintes criterios dende a última modificación:

- A. Sociedades anónimas
- B. Sociedades de responsabilidade limitada
- C. Sociedades colectivas
- D. Sociedades comanditarias
- E. Comunidades de bens
- F. Sociedades cooperativas
- G. Asociacións

- J. Sociedades civís, con ou sen personalidade xurídica
- N. Entidades estranxeiras
- P. Corporacións locais
- Q. Organismos públicos
- R. Congregacións e institucións relixiosas
- S. Órganos da Administración do Estado e das Comunidades Autónomas
- U. Unións temporais de empresas
- W. Establecementos permanentes de entidades non residentes
- V. Outros tipos non definidos no resto de claves

**Demografía empresarial:** As empresas clasifícanse en:

- Altas (ano t): unidades activas que se rexistran no ano t e non estaban activas no ano t-1.
- Permanencias (ano t): unidades activas rexistradas no directorio do ano t-1.
- Baixas (ano t): unidades activas no directorio do ano t-1 que causan baixa no do ano t.

Estes conceptos, para un nivel xeográfico inferior ao global, non teñen en conta as altas e baixas debidas á mobilidade xeográfica das empresas por cambios de sede. As modificacións na localización das sedes quedan recollidas no concepto de permanencia que, para un agregado xeográfico determinado, indica as unidades activas rexistradas no directorio en anos anteriores ao ano t e que no presente ano teñen a súa sede social nese ámbito xeográfico, podendo ter unha localización diferente no ano t-1.

**Cifra neta de negocios:** Resultado que se obtén de deducir do importe das vendas de produtos, mercadorías e similares, e das prestacións de servizos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, o importe dos descontos e demais bonificacións sobre as vendas, así como o IVA e outros impostos directamente relacionados. O seu contido correspóndese coa suma dos importes relativos ás vendas de produtos, vendas netas de mercadorías e prestacións de servizos.

## 4. Procesamento de datos

O directorio de empresas realízase con periodicidade anual e con data de referencia o 1 de xaneiro. Esta data de referencia ven motivada polas fontes administrativas que se utilizan para a súa actualización:

- o imposto de actividades económicas. O ficheiro do IAE dun ano determinado inclúe todas as empresas que nalgún período do devandito ano realizaron algunha actividade económica.

- as contas de cotización á Seguridade Social. O ficheiro inclúe as empresas que teñen aberta algunha conta de cotización en Galicia. Utilízase o ficheiro do primeiro trimestre do ano do directorio, que ten a mesma data de referencia do directorio.

Aínda que estas dúas son as principais fontes, tamén se utiliza información que se obtén directamente das empresas a través de enquisas e a través do rexistro mercantil.

Como existen varias fontes que proporcionan distinta información pero ningunha delas é suficiente para a elaboración do directorio é necesario realizar un proceso de integración e transformación da información de orixe ata chegar a unha base de datos normalizada segundo territorio e actividade.

O procedemento para chegar a esta base de datos precisa dun tratamento independente de cada fonte de entrada pois a estrutura de cada rexistro administrativo é distinta aínda que o método é similar en ambos os dous casos.

En primeiro lugar realízase unha análise interna dos ficheiros (IAE e contas de cotización da SS) para detectar posibles erros, seleccionar a información necesaria para a elaboración do directorio e asignar unha primeira demografía (interna porque deriva dos propios ficheiros) ás empresas. Na última fase do directorio, comparárase o resultado obtido na análise interna co directorio do ano anterior para determinar a demografía definitiva das empresas.

### **Análise interno do Imposto de actividades económicas**

O IAE considérase prioritario no proceso de elaboración, pois é o ficheiro que proporciona máis información sobre os datos de localización da empresa e das súas unidades locais . Na base de datos do IAE, as principais variables necesarias para o directorio son:

DEL_TRA	Provincia (15, 27, 32, 36, 54) da delegación territorial
NIF_SUJ	NIF suxeito pasivo
APENOM_SUJ	Apelidos e nome / Razón social
SIG_DOM_FIS	Siglas (CL, LG,...) do domicilio fiscal
VIAPU_DOM_FIS	Vía pública do domicilio fiscal
NUM_DOM_FIS	Número do domicilio fiscal
ESPIPU_DOM_FIS	Escada, piso e porta do domicilio fiscal
PRO_DOM_FIS	Provincia do domicilio fiscal
COMUN_DOM_FIS	Código do concello do domicilio fiscal
MUNI_DOM_FIS	Concello do domicilio fiscal
COPOS_DOM_FIS	Código postal do domicilio fiscal
EST_DOC	Declaración de activo (A) ou baixa (B) do rexistro
SEC_TAR	Valores 1, 2 ou 3
COD_EPI	epígrafe
TIP_CUO	Tipo de cota: nacional, provincial, municipal
FEC_INI	Data de inicio da actividade
FEC_CES	Data de cese da actividade
SIG_DOM_TRI	Siglas (CL, LG,...) do domicilio tributario
VIAPU_DOM_TRI	Vía pública do domicilio tributario
NUME_DOM_TRI	Número do domicilio tributario
ESPIPU_DOM_TRI	Escada, piso e porta do domicilio tributario
PUKI_DOM_TRI	Punto quilométrico do domicilio tributario
COMUN_DOM_TRI	Código concello do domicilio tributario
MUNI_DOM_TRI	Concello do domicilio tributario
COPUS_DOM_TRI	Código postal do domicilio tributario

- DEL\_TRA: Indica a provincia da delegación na que se declara o imposto. Pode ser unha das catro provincias galegas (códigos 15 'A Coruña', 27 'Lugo', 32 'Ourense', 36 'Pontevedra') ou outra (código 54).



- O domicilio fiscal (obtido a partir das variables nas que o nome termina en DOM\_FIS) é o que determina a sede social da empresa (aínda que en realidade non teñen porque coincidir) mentres que o domicilio tributario (obtido a partir das variables nas que o nome termina en DOM\_TRI) é o que indica onde están emprazadas as unidades locais.

- EST\_DOC: Indica se ese rexistro está activo ou e baixa. Esta variable, xunto coas datas de inicio e cese de actividade (FEC\_INI e FEC\_CES respectivamente) permiten determinar a situación de actividade (activa ou baixa) de cada rexistro e posteriormente a da empresa.

- SECT\_TAR: Para o IAE teñen a consideración de actividades económicas (Instrución do Imposto sobre actividades económicas aprobada xunto coas súas tarifas polo Real decreto legislativo 1175/1990, de 28 de setembro) calquera actividade de carácter empresarial, profesional ou artístico, é dicir, aquelas que supoñen unha ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, ou dun dos dous, coa finalidade de intervir na produción e distribución de bens e servizos.

Teñen a consideración de actividades empresariais, a efectos do imposto, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos, clasificadas na sección 1ª das tarifas do imposto (SEC\_TAR=1).

Teñen a consideración de actividades profesionais as clasificadas na sección 2ª do imposto (SEC\_TAR=2) e as actividades artísticas están clasificadas na sección 3ª das tarifas do imposto (SEC\_TAR=3).

- COD\_EPI: É o epígrafe que reflicte a actividade económica que realiza a empresa. Existe unha táboa de correspondencia entre os epígrafes do IAE e os códigos da CNAE, aínda que estas correspondencias non sempre permiten obter o código da CNAE directamente a nivel de grupo, tal como se necesita para o directorio.

SECT\_TAR e COD\_EPI son as dúas variables que indican a actividade económica.

- TIP\_CUO: Existen tres tipos de cota (variable): Nacional (N), provincial (P) ou municipal (M) que a empresa declara segundo o ámbito xeográfico onde realice actividades económicas.

Unha mesma empresa pode realizar varias actividades económicas, con distintas datas de inicio ou cese, en distintos enderezos tributarios e con distintos elementos tributarios. Isto supón que, na base de datos do IAE, unha mesma empresa pode ter varios rexistros e a análise conxunta de todos eles permitirá determinar, primeiro, a situación demográfica desa empresa e logo, a localización xeográfica e a actividade, tanto da empresa coma das súas unidades locais.

## **Análise do ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social**

Para completar a información procedente do IAE emprégase o ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social. Deste ficheiro cóllense as empresas que teñen conta de cotización en Galicia pero que non están no IAE.

No ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social dispónse da seguinte información válida para o directorio:

CCOT	Código conta de cotización
CCCP	Código conta de cotización principal
IDENT	Contén o CIF
RAZON	Nome da empresa
DOMICILIO	Domicilio
COLOC	Código de provincia e concello
LOCALIDAD	Nome do concello
COPOS	Código postal
ACTIV	Código CNAE-09
NUMTR	Número de asalariados
ALTA	Data de alta
SIT	Situación da actividade (A, B)

Unha mesma empresa pode ter distintas contas de cotización, realizar distintas actividades e en distintas situacións. A conta de cotización é única por provincia, actividade e tipo de contrato. Cada unha destas posibles combinacións dá lugar a un rexistro, polo tanto hai que realizar unha análise tanto interna como externa do ficheiro igual que se fai co IAE.

O procedemento é similar: primeiro estúdase a demografía empresarial para determinar as empresas que deben entrar no directorio e, posteriormente, estúdase a localización e actividade.

No ficheiro de contas de cotización a actividade xa está codificada segundo a CNAE. No proceso de revisión habería que determinar cal é a actividade principal, no caso de que unha empresa cotice por varias actividades distintas e, incluso se hai unha única actividade pode ser necesario revisala, sobre todo para as empresas de fóra de Galicia, xa que en moitos casos a actividade que aparece non é a realizada en Galicia (isto é moi frecuente nas empresas químicas ou farmacéuticas que aparecen como empresas industriais cando en Galicia soamente distribúen os seus produtos).

### **Análise interna**

A análise interna consiste en seleccionar as empresas que está activas e determinar a súa demografía interna (a derivada das propias fontes).

A selección dos rexistros de cada empresa efectúase en función de dous campos, a data de inicio de actividade e a data de cese. A data de inicio debe ser anterior á data de referencia do directorio e na data de cese poden darse varias posibilidades:

- Non aparece, o que quere dicir que a actividade se mantén
- Entra dentro do ano anterior á data do directorio. Nese caso ese rexistro sería baixa
- A data de cese é doutros anos anteriores. Considérase que esa actividade xa foi baixa en anos anteriores e non se ten en conta.

Segundo estes dous campos podemos clasificar os rexistros (internamente, é dicir no que se refire á súa fonte) en:

- Permanencias, cando se manteñen con respecto ao ano anterior.
- Altas, cando a data de inicio é no ano anterior e a data de cese ou ben non consta o é posterior a data de referencia do directorio.
- Baixas, se a data de cese é do ano anterior a data de referencia do directorio.

Sobre os rexistros que cumpren os criterios anteriores, pásase a analizar a demografía das empresas ás que afectan estes rexistros:

- Aquelas empresas cuxos rexistros sexan todos baixa, a efectos da demografía interna consideraranse baixa.
- Aquelas empresas cuxos rexistros sexan todos alta, consideraranse altas e haberá que determinar os seus datos (domicilio fiscal, unidades locais, actividade principal...).
- Aquelas empresas cuxos rexistros sexan todos permanencias, consideraranse permanencias a efectos da demografía interna e os seus datos deberán coincidir cos do directorio do ano anterior.
- Aquelas empresas nas que un rexistro de baixa se cruza con rexistros de permanencias, serán permanencias con modificacións con respecto ao ano anterior que poden afectar á actividade, á localización, ás unidades locais...

- Aquelas empresas nas que un rexistro de alta se cruza con rexistros de permanencias, serán permanencias con modificacións con respecto ao ano anterior.
- Aquelas empresas nas que un rexistro de alta só se cruza con rexistros de baixa, serán permanencias con modificacións con respecto ao ano anterior.

Neste proceso de elaboración do directorio ten prioridade o IAE, pero se unha empresa aparece con todos os seus rexistros de baixa no IAE e, no entanto, ten algún rexistro con asalariados en contas de cotización, entraría no directorio.

Unha vez realizada a análise interna e seleccionados os rexistros que, nun principio, deben entrar no directorio lévase a cabo o proceso de fusión da información procedente das dúas fontes para crear un primeiro ficheiro de empresas e un ficheiro provisional que non contén as unidades locais, senón os rexistros do IAE e a SS a partir dos cales se deben seleccionar estas unidades locais.

Ata este momento da elaboración do directorio o proceso é practicamente automático. A partir de aquí iníciase unha ardua tarefa de depuración (en grande parte manual) de direccións, asignación de actividade, e selección da información necesaria a partir dos rexistros obtidos do IAE e SS para a elaboración do directorio de unidades locais.

### **Asignación da actividade principal da empresa**

Para obter a actividade dunha empresa que declara o IAE utilízase o epígrafe, do que se dispón dunha correspondencia coa CNAE-09, aínda que a devandita correspondencia non sempre é a nivel de grupo (3 díxitos) da CNAE-09 como se necesita para o directorio, polo que hai rexistros aos que non se lles pode asignar automaticamente un código da CNAE-09.

Os rexistros procedentes de contas de cotización da SS entran directamente, nun principio, coa CNAE que figura nese ficheiro.

O primeiro paso é asignar a actividade ás empresas das que podemos obtela automaticamente do IAE ou a SS. O proceso para esta asignación é:

1. Por actividade única. Ás empresas que realizan unha única actividade, asígnaselle directamente esta actividade.
2. Permanencias. Cando unha empresa realiza as mesmas actividades que no ano anterior, mantense a mesma actividade principal.
3. O resto de empresas revísanse manualmente.

Que a unha empresa se lle poda asignar automaticamente a actividade non supón que esa empresa xa non pase polo procedemento de revisión manual pois é necesario ter

tamén de cada empresa as súas unidades locais, que non sempre se obteñen de forma inmediata.

Posteriormente (debido á data de comezo das labores do directorio non é posible realizalo antes) revísase a actividade coas enquisas do INE (enquisa industrial de empresas, enquisa industrial de produtos e enquisa de servizos), as enquisas do IGE realizadas no ano anterior e mediante as labores específicas de depuración do directorio.

### **Determinación das unidades locais**

Xuntamente co directorio de empresas elabórase o directorio de unidades locais; para cada empresa, xunto coa actividade principal, necesítase determinar as unidades locais así como a súa actividade principal e o seu emprego (este último dende o directorio de 2014).

O enderezo das unidades locais conséguese a través dos enderezos tributarios, no caso de que a empresa entre polo IAE, e os enderezos das contas de cotización, no caso de que a empresa entre pola SS. Nun mesmo enderezo unha empresa pode realizar varias actividades, polo tanto para as unidades locais tamén hai que determinar a actividade principal a partir dos distintos epígrafes do IAE.

Nalgúns casos, as unidades locais e súa actividade pódense determinar directamente:

- hai unha única unidade por empresa.
- hai unha única unidade por concello.
- non houbo ningunha modificación respecto do ano anterior.

No resto dos casos é necesaria unha revisión manual.

Todas as empresas que se inclúen no directorio deben ter como mínimo unha unidade local en Galicia, e a actividade principal da empresa (en Galicia) debe coincidir coa de polo menos unha unidade local. Estes criterios obrigan a revisar tamén de forma manual moitas empresas.

Como resultado dos pasos anteriores, temos diferentes situacións:

1. Altas clasificadas automaticamente: empresas que son alta e que soamente realizan unha única actividade (dispoñible a tres díxitos da CNAE-09) nunha única unidade local que está perfectamente especificada.
2. Altas sen actividade para depurar manualmente: empresas que son alta e que non se pode determinar automaticamente a súa actividade principal.
3. Altas con actividade para depurar manualmente: empresas que son alta e que xa está determinada a actividade principal pero non as unidades locais.

4. Permanencias puras: empresas que non sufriron ningunha modificación respecto do ano anterior. Neste caso incorpórase directamente a información do directorio do ano anterior.

5. Permanencias con cambios, clasificadas automaticamente: empresas que xa estaban no directorio anterior e que soamente realizan unha única actividade (dispoñible a tres díxitos da CNAE-09) nunha única unidade local que está perfectamente especificada.

6. Permanencias con cambios, sen actividade para depurar manualmente: empresas que xa estaban no directorio anterior e que non se pode determinar automaticamente a súa actividade principal.

7. Permanencias con cambios, con actividade para depurar manualmente: empresas que xa estaban no directorio anterior e que xa está determinada a actividade principal pero non as unidades locais.

8. Baixas: empresas que cesaron a súa actividade en Galicia

Destas bases de datos, obteríanse directamente a actividade principal da empresa e as unidades locais nos casos 1, 4 e 5.

Os casos 2, 3, 6 e 7 necesitan unha revisión manual.

O proceso informático para xuntar as bases de datos do IAE e da SS, dá lugar, dende o principio, a un directorio provisional de empresas e unidades locais cunha demografía interna asignada a partir das fontes e con toda a información sobre direccións e actividade que foi posible xuntar automaticamente. O procedemento de revisión manual dos casos sinalados anteriormente segue esta orde:

- Altas sen actividade asignada a 3 díxitos da CNAE-09
- Permanencias con cambios sen actividade asignada a 3 díxitos da CNAE-09
- Depuración de todos os demais casos. Unha vez que todas as empresas teñen asignada actividade a 3 díxitos da CNAE-09 pásase un programa de depuración que detecta os posibles erros ou deficiencias nas unidades locais e de coherencia entre unidades locais e empresas.

Nos tres pasos anteriores o procedemento que se segue consiste en analizar individualmente cada empresa, vendo que actividades realiza (a través dos epígrafes do IAE, do código da CNAE se a empresa figura no ficheiro de contas de cotización e outras fontes externas) e onde as realiza (mediante os domicilios tributarios que figuran no IAE, as direccións das contas de cotizacións e outras fontes como a web da empresa), para poder asignarlle a actividade principal, determinar cantas unidades locais ten e cal e a actividade principal de cada unha delas. Neste proceso revísanse tamén as direccións das empresas e unidades locais e asígnanse outros datos da

empresa como teléfono, páxina web da empresa e correo electrónico (na medida que sexa posible). A información necesaria obtense a partir da web da empresa, as bases de datos que conteñen información do Rexistro Mercantil ou calquera outra páxina de internet.

Para os autónomos tense en conta tamén a información do ficheiro de afiliados da SS

Os datos (localización, actividade e persoa de contacto) procedentes de enquisas do IGE incorpóranse no momento en que se dispoña da información revisada e depurada polo servizo correspondente.

A revisión a partir das enquisas industrias do INE realízase ao final deste proceso xa que a información necesaria non está dispoñible ao comezo da elaboración do directorio. Aproveítase a explotación desta enquisa realizada polo Servizo de Contas Económicas, onde se asigna a actividade principal da empresa, para tentar conseguir unha coherencia entre o directorio de empresas e a información que manexa este servizo.

Cando resulta necesario, realízanse depuracións de determinadas ramas de actividade a través do Servizo de traballos de campo do IGE ou mediante a contratación de empresas externas.

### **Determinación do tamaño da empresa**

A fonte principal para a obtención do número de traballadores é o ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social. Para cada empresa súmanse todos os asalariados das súas contas de cotización excepto os empregados domésticos (contas de cotización con CNAE 9700) das persoas físicas.

A variable `total_asalariados` proporciona o número de asalariados de cada empresa na data de referencia do directorio (1 de xaneiro). A partir do directorio do ano 2013 incorpórase tamén as cifras de asalariados a outros momentos do ano, obtidas a partir dos ficheiros trimestrais de contas de cotización da SS, co fin de que os posibles usuarios do directorio dispoñan de información máis completa do tamaño real da empresa que pode variar sensiblemente por trimestres nas actividades estacionais

Os traballadores autónomos economicamente dependentes (TRADE), que son autónomos que en realidade traballan para un cliente do que perciben polo menos o 75% dos seus ingresos de traballo, elimínanse do directorio de empresas como autónomos e súmanse como traballadores da súa empresa cliente.

Para as empresas que non figuran neste ficheiro inténtase completar esta información a través doutras fontes como as enquisas das que se dispón e o rexistro mercantil (este rexistro tamén é a fonte empregada para a obtención da cifra de negocios).

### **Determinación do tamaño das unidades locais**

A partir do directorio do ano 2014 vaise introducir o número de asalariados por unidade local.

O número de asalariados a repartir entre as unidades locais dunha empresa é o número de asalariados asignado a esa empresa a partir, na súa maior parte, das contas de cotización da SS. Tómase, por tanto, ese ficheiro da SS como base para facer o reparto do emprego.

Establécense tres niveis de reparto en cada unidade local: asalariados obtidos por enquisas (asal\_enq), asalariados obtidos no proceso de depuración do directorio (asal\_dep) e asalariados asignados automaticamente a partir das contas de cotización (asal\_aut). Os asalariados asignados definitivamente á unidade local seguen a seguinte orde de preferencia: asal\_enq, asal\_dep e asal\_aut.

Os asalariados que se imputan durante a fase de depuración manual do directorio, son calculados seguindo diferentes criterios e usando distintos tipos de información. Nas unidades locais de empresas depuradas coa enquisa industrial do INE os asalariados repártense segundo a información proporcionada por esta enquisa. Noutros casos úsase información atopada por internet, ou mediante a variable auxiliar do tamaño da unidade local en actividades comerciais ou ben usando criterios parecidos aos que se utiliza para a asignación automática a partir das contas de cotización.

O procedemento de asignación automática de asalariados elaborouse tendo en conta que a única información dispoñible son as contas de cotización da SS e prestando atención á definición deste concepto. Unha empresa (en teoría) ten unha conta de cotización por provincia, actividade e tipo de contrato. No entanto, observamos casos na SS onde se distingue tamén o concello.

Decidimos establecer varios niveis en cada combinación nif\_provincia onde se van comparando as unidades locais e as contas de cotización. Para cada nif\_provincia:



**Nivel 1.**

Coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_concello\_cnae3dixitos do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 2.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_concello\_cnae2dixitos do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 3.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_concello\_cnae1dixito do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 4.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_cnae3dixitos do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 5.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_cnae2dixitos do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 6.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_cnae1dixito do directorio de unidades locais e da seguridade social.

**Nivel 7.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha coincidencia **exacta** entre as combinacións nif\_provincia\_concello do directorio de unidades locais e da seguridade social.

### **Nivel 8.**

Combinacións nif\_provincia non incluídas nos niveis anteriores e que presenten unha correspondencia entre o directorio de unidades locais e as contas de cotización da SS.

### **Nivel 9.**

O resto estúdase manualmente

O método de asignación consiste en repartir o emprego da SS entre as unidades locais correspondentes segundo o nivel de asignación. Un problema que xorde a calquera nivel é que o número de asalariados que se debe repartir non ten porqué ser divisible polo número de unidades locais. Como non hai ningún criterio xeral a priori que nos permita distinguir que unidade local pode ter máis asalariados, en calquera nivel de asignación adoptamos a norma de ir repartindo ese resto entre as unidades locais correspondentes a ese nivel segundo a orde do identificador da unidade local ata esgotalo.

Para a asignación do emprego por unidades locais para as grandes empresas (por tamaño de empregados) ou para aquelas empresas con moitas unidades locais de difícil reparto, a final de ano tense previsto unha depuración por enquisa telefónica a través do Servizo de traballos de campo do IGE.

### **Resto de variables do directorio**

Outras variables existentes no directorio como teléfono, Fax, correo electrónico proceden das enquisas, da información proporcionada directamente polas empresas, da información do Rexistro Mercantil e da información atopada por internet.

Incorpóranse tamén datos sobre a data de inicio da actividade da empresa, o último ano de alta no directorio, para as baixas a causa da baixa e, por último, datos da matriz doméstica e matriz global se a empresa pertence a un grupo de empresas. Esta última información obtense a partir dos datos do Rexistro Mercantil.

### **Análise externa. Demografía do directorio**

Consiste en contrastar os resultados obtidos despois de todos os procesos, co directorio do ano anterior.

- Altas.

As empresas que na demografía interna eran altas non deben estar no directorio do ano anterior.

- Baixas.

As empresas que na demografía interna eran baixa deben estar no directorio do ano anterior, coa excepción das empresas que non se inclúen no directorio por pertencer a algunha das actividades que non se consideran ( seccións 01, 02, 03, 84, 97, 99 da CNAE-09).

- Permanencias.

As empresas que na demografía interna eran permanencia deben estar no directorio do ano anterior, coa excepción das empresas que non se inclúen no directorio por pertencer a algunha das actividades que non se consideran ( seccións 01, 02, 03, 84, 97, 99 da CNAE-09).

Unha vez asignada a demografía definitiva, seleccionando as altas e permanencias temos o conxunto de empresas que forman parte do directorio de empresas. A suma das permanencias e baixas debe coincidir co número de empresas incluídas no directorio do ano anterior.

### **Estrutura dos directorios de empresas e unidades locais**

A base de datos definitiva do directorio de empresas ten a estrutura que segue:

NIF	Número de Identificación Fiscal
Razón	Nome da empresa
Prov_df	Código da provincia
Mun_df	Código do concello
Nmun_df	Nome do concello
Tvia_df	Tipo de vía
Vía_df	Nome da vía
Nvia_df	Número de vía
Piso_df	Piso
Telefono	Teléfono da empresa
Fax	Fax da empresa
Email	Correo electrónico da empresa

Epígrafe_empresa	Epígrafe da actividade principal
CNAE_empresa	Código da actividade principal a nivel de grupo da CNAE-09
Asig_act	Código do procedemento utilizado para asignación da actividade principal
Demografía_empresarial	A, P
Fonte	IAE, SS
Total_asalariados	Número de asalariados
Fonte_emprego	Fonte de información do dato de emprego
Estrato_asalariados	Estrato de asalariados
Cifra de negocios	Cifra neta de negocios
Fonte_cifra de negocios	Fonte de información do dato de cifra de negocio
Pcnom	Nome máis actualizado de persoa de contacto
Pccargo	Cargo máis actualizado de persoa de contacto
Pctlf	Teléfono máis actualizado de persoa de contacto
Pcfax	Fax máis actualizado de persoa de contacto
Pcemail	Correo electrónico máis actualizado de persoa de contacto
Data_inicio	Data de constitución da empresa ou, no seu defecto data de alta máis antiga nos rexistros (IAE e SS).
AnoAlta	Último ano de alta no directorio de empresas
AnoRev	Último ano en que esa empresa se revisou
FonteRev	Fonte de revisión desa empresa (no último ano en que se revisou)
Enquisa	Indica se ese ano a empresa entrou nalgunha mostra do IGE
NIF_Matriz_Domestica	NIF da matriz doméstica se a empresa forma parte dun grupo
Nome_Matriz_Domestica	Nome da matriz doméstica se a empresa forma parte dun grupo
Id_Matriz_Global	Identificador da matriz global se a empresa forma parte dun grupo

Nome_Matriz_Global	Nome da matriz global se a empresa forma parte dun grupo
Pais_Matriz_Global	País da matriz global se a empresa forma parte dun grupo

O directorio de unidades locais consta das seguintes variables:

NIF_empresa	CIF da empresa
NIF_unidade_local	Cadea de caracteres composta polo CIF da empresa máis un número que identifica a unidade local
Provincia	Código da provincia
Código_concello	Código do concello
Nome_concello	Nome do concello
Tipo_vía	Tipo de vía
vía	Nome da vía
Numero_vía	Número de vía
Punto_quilométrico	Punto quilométrico
Piso	Piso
Código_postal	Código postal
Código_comarca	Código da comarca
Nome_comarca	Nome da comarca
CNAE_establecemento	Código da actividade principal a nivel de grupo da CNAE-09
Epígrafe_establecemento	Epígrafe da actividade principal
Asal_dep	Asalariados obtidos da depuración manual
Asal_aut	Asalariados obtidos da depuración automática
Asal_enq	Asalariados obtidos a partir de enquisas
Asalariados	Asalariados asignados definitivamente segundo a seguinte orde de preferencia:1) asal_enq 2) asal_dep 3) asal_aut

## 5. Bases de datos complementarias

Paralelamente ao directorio mantéñense varias bases de datos complementarias que permiten estudar a evolución das empresas:

- Histórico de altas. Contén o total de empresas que formaron parte do directorio de empresas dende o ano 1999, cos seus anos de alta no directorio. Hai que ter en conta que unha empresa pode darse de alta e de baixa en distintos anos, segundo exerza unha actividade económica ou non.
- Histórico de baixas. Contén o total de empresas que se deron de baixa no directorio dende o ano 2000, cos seus anos de baixa, causas de baixa codificadas e fontes de baixa.
- Mapa de NIF. Permite, para cada ano, detectar os cambios de letra de NIF das empresas respecto ao ano anterior e respecto das distintas fontes, ademais de fixar o NIF correcto da empresa. Esta base de datos cobra importancia a partir do ano 2008 como consecuencia da Orden EHA/451/2008, do 20 de febreiro, pola que se regula a composición do NIF das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, que provocou a reorganización dos tipos de forma xurídica e clase de entidade e moitos cambios no NIF das empresas.

## 6. Deseño da explotación dos datos do directorio

A explotación do directorio de empresas ofrece información sobre:

- o número de empresas segundo o ámbito xeográfico, a condición xurídica, a actividade principal e o estrato de asalariados
- o número de unidades locais segundo o ámbito xeográfico, actividade principal e, a partir do ano 2014, o estrato de asalariados
- a demografía empresarial

A desagregación que se ofrece de cada unha das variables é:

**Ámbito xeográfico:** Galicia e fóra de Galicia, provincias, comarcas e concellos

**Actividade principal:** As empresas e as unidades locais do directorio están codificados a nivel de grupo (3 díxitos da CNAE).

**Estrato de asalariados:** Para a determinación dos estratos de asalariados séguense as recomendacións da Comisión europea sobre as definicións de microempresas, pequenas e medianas empresas. Segundo estas recomendacións establécense os seguintes estratos:

- Microempresa
  - Sen asalariados
  - De 1 a 2 asalariados
  - De 3 a 5 asalariados
  - De 6 a 9 asalariados
- Pequena empresa
  - De 10 a 19 asalariados
  - De 20 a 49 asalariados
- Mediana empresa
  - De 50 a 99 asalariados
  - De 100 a 249 asalariados
- Gran empresa
  - De 250 ou máis asalariados

**Condición xurídica:** A desagregación que se presenta é:

- Persoas físicas
- Persoas xurídicas
- Sociedades anónimas
- Sociedades de responsabilidade limitada
- Sociedades cooperativas
- Outros

**Demografía empresarial:**

- Alta
- Permanencia
- Baixa

**Presentación de resultados**

A presentación de resultados na páxina WEB do IGE distingue entre os principais resultados e os resultados detallados.

- Como *principais resultados* preséntanse as seguintes táboas para o último ano dispoñible:
  - Empresas por condición xurídica e sede social.

- Empresas por asalariados e sede social.
  - Empresas por actividade principal (división da CNAE-09) e sede social .
  - Empresas por situación de actividade e sede social.
- Os *resultados detallados* preséntanse estruturados en tres apartados:
    1. *Estrutura empresarial.*  
Inclúe as seguintes táboas coa información desde o ano 1999 desagregadas ata o nivel municipal:
      - Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos da CNAE-93 ata o ano 2009 e grupos da CNAE-09 dende o ano 2009), e titularidade da empresa
      - Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos da CNAE-93 ata o ano 2009 e grupos da CNAE-09 dende o ano 2009), e estrato de asalariados
      - Empresas segundo estrato de asalariados (máis desagregado neste caso)
    2. *Demografía empresarial:*
      - Altas, baixas e permanencias segundo a sede social (desagregación municipal) (dende o ano 2000)
      - Altas, baixas e permanencias por actividade (CNAE 2009, dende 2009)
    3. *Unidades locais.*
      - Establecementos segundo actividade principal (seccións da CNAE-93 ata o ano 2009 e seccións da CNAE-09 dende o ano 2009)
      - Establecementos segundo estrato de asalariados.

## 7. Novos directorios

O Regulamento (CEE) nº 177/2008 do Parlamento Europeo e do consello, do 20 de febreiro de 2008 (Diario Oficial da Unión Europea do 5 de marzo de 2008) que establece un marco común para os rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos e derroga o regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, establece que nos rexistros de empresas deberanse incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto e as súas unidades locais.



Neste directorio empézase a cumprir dito regulamento, polo que se inclúen as empresas cuxa actividade principal figure nas seccións:

- A : agricultura, gandería , caza, silvicultura e pesca
- O : administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria

Para o 2012 formulouse unha primeira aproximación ao que podería ser un directorio que recolla, polo menos, as actividades de agricultura, silvicultura, pesca e administración pública, elaborada a partir dos ficheiros da SS: afiliacións e contas de cotización. Esta primeira aproximación debía servir primeiro para tomar nota das dificultades que se presentan e servir de comparación co DIRCE do INE para ver as empresas que poida recoller o INE e que a nós se nos escapan pola natureza das fontes empregadas.

No ano 2014 firmouse un convenio coa Consellería de Medio Rural e do Mar para que anualmente proporcionen os directorios de buques e establecementos de acuicultura mariña (xunto cos seus titulares) e os permisos de marisqueo a pé.

Estase negociando a posibilidade de firmar un convenio coa Consellería para a cesión regular do Rexistro de explotacións agrarias prioritarias e poder así ampliar as fontes que nutren e son imprescindibles para a boa xestión do directorio.

### **Procedemento de elaboración do Directorio de pesca**

Durante o 2015 elabórase por primeira vez o Directorio de pesca e acuicultura, con data de referencia 1 de xaneiro de 2014, a partir da SS e do directorio da Consellería.

**A parte procedente da SS** elabórase a partir das:

- Contas de cotización de actividade 03 na CNAE03, que estean activas e que non sexan organismos públicos
- Autónomos da pesca (réxime 0521), coa actividade 03 da CNAE03
- Selección de afiliados ao réxime 0825 do Mar por conta propia.

Unha vez unidos todos os ficheiros e rexeitados os duplicados, asignamos os asalariados a partir do ficheiro de contas de cotización (sumando os asalariados de todas as actividades excepto o persoal doméstico).

Neste ficheiro resultante da SS temos por tanto:

- as persoas físicas que traballan no mar por conta propia (autónomos e afiliados ao réxime do mar por conta propia)
- e por outro lado as empresas (persoas físicas ou xurídicas) con asalariados.

Pero non dispomos das empresas que non teñan asalariados.

**O ficheiro enviado pola Consellería** é un arquivo Excel con varias follas que conteñen a seguinte información:

- Rexistro de buques de Galicia (RBG): código do buque, porto base, data de entrada en servizo, lista a que pertence, taxa de rexistro bruto (TRB), matrícula e folio, artes e outros
- Rexistro de titulares de buques (RBG- Titulares): para cada buque identificación e contacto dos armadores
- Bateas: código, nome, distrito, polígono e cuadrícula e data de inicio
- Bateas\_primeiros titulares. Datos de identificación e contacto do primeiro titular por batea
- Outros viveiros: código, nome, distrito, polígono e cuadrícula e data de inicio
- Outros viveiros\_primeiros titulares. Datos de identificación e contacto do primeiro titular por viveiro
- Parques de cultivo: código, enderezo e data de inicio
- Parques\_primeiros titulares: Datos de identificación e contacto do primeiro titular por parque
- Resto (granxas e criadeiros mariños): código, enderezo e data de inicio
- Resto\_primeiros titulares: : Datos de identificación e contacto do primeiro titular por establecemento
- PMP: datos de identificación e contacto dos titulares con permiso de explotación de marisqueo a pé.

Respecto a este directorio proporcionado pola Consellería deben terse en conta as seguintes consideracións:

- Só inclúe as actividades da acuicultura mariña. A acuicultura continental debe cubrirose exclusivamente coa información proporcionada pola SS. Polo tanto, as empresas e as persoas físicas da SS que teñan como actividade a acuicultura continental deben entrar todas no directorio unión.

- Aparecen titulares que non teñen asociados nin buque nin ningunha instalación. Estes descártanse para a elaboración do directorio
- Aparecen titulares sen NIF, tamén se descartan porque non se poden identificar
- Os datos dos titulares e armadores, son os datos dos propietarios das instalacións e dos buques respectivamente. Pero non figura a empresa ou persoa física que explota esa instalación ou ese buque (segundo a información da Consellería)
- Non se permiten titulares que sexan sociedades civís nin comunidades de bens, por non teren personalidade xurídica propia. Detectáronse casos en que isto é así, aparecen propietarios dun buque unha larga lista de persoas físicas que non están dados de alta na SS como afiliados do mar, pero que forman unha comunidade de bens que si aparece en SS por ter asalariados. Pero tamén se detectaron sociedade civís e comunidades de bens que aparecen como armadores.
- Segundo as fontes consultadas, para figurar como armador ou ser titular dun permiso de marisqueo a pé, é obrigatorio estar dado de alta na SS, no réxime do mar por conta propia. Para ser titular dunha batea ou parque non é necesario, inda que ser titular tampouco implica explotar á instalación.  
No directorio proporcionado pola Consellería aparecen moitos casos de armadores e titulares de permisos de marisqueo a pé que non cumpren este requisito.
- Loxicamente poden aparecer empresas ou persoas en varias follas á vez. Poden ser á vez titulares de buques, instalacións acuícolas ou mariscadores. De feito, a maioría de titulares de buques da lista 4 (buques de actividades auxiliares á pesca ou á acuicultura) aparecen como titulares dalgunha instalación acuícola.

Para a elaboración do directorio definitivo, intégranse as táboas nunha soa, xerando un campo *fonte* que nos permita saber de qué ficheiro provén.

Elimínanse os rexistros NIF nulos ou 00000000T, xa que resultan imposibles de identificar, así mesmo elimínanse tamén, os titulares que non teñan emparellada ningunha instalación.

A continuación asignámoslle a CNAE segundo da folla do libro da que proceda.

- No caso dos buques:
  - Se é da lista 3ª, asígnaselle a CNAE de pesca 0311
  - Se é da lista 4ª e ten algunha instalación de acuicultura, a CNAE será acuicultura mariña 0321
  - Se é da lista 4ª e non ten instalación de acuicultura, asígnaselle 0311, CNAE da pesca

- Aos titulares de bateas, parques e outros viveiros asígnaselles actividade de acuicultura mariña 0321
- Os mariscadores a pé son clasificados na actividade de pesca 0311

Para a pesca e o marisqueo créase unha táboa a partir dos datos da Consellería onde cada rexistro ten un único NIF, e por tanto unha única CNAE. Para unificalos dáse prioridade á pesca (0311) porque se considera que é máis habitual que sexa a actividade principal. Isto ten risco de xerar un nesgo, pero falta información para tomar unha decisión mellor.

Na elaboración da base de datos final ou táboa de unión, seleccionamos os rexistros que deben ser incluídos dende as bases de datos previamente elaboradas coa información da Seguridade Social e da Consellería.

- 1) En primeiro lugar incluímos os elementos comúns da SS e da Consellería, empregando os da Consellería só para completar os números de teléfono e Fax.
- 2) O segundo conxunto engadido son os PMP recollidos pola Consellería que cumpren as seguintes condicións:
  - non estar na lista de permisos cancelados
  - figurar algunha vez na SS entre 2013 e 2015 no réxime 0825 (incorpóranse cos datos da SS)
- 3) A continuación engádense os rexistros asociados a buques do RGB da Consellería que cumpren as condicións:
  - figurar na SS entre 2013 e 2015 nos réximes 0825 ou 0521
- 4) Sociedades, excepto sociedades públicas (empezando por S,Q, P), que veñen do directorio da Consellería e non estean incluídas na táboa de unión
- 5) Sociedades, excepto sociedades públicas (empezando por S,Q, P) que veñen da SS e que tampouco estean incluídas na táboa de unión
- 6) Acuicultura mariña da Consellería (persoas físicas). Ao nen ter obriga de estar dados de alta na SS inclúense todas, cumprindo os seguintes requisitos:

- non están no directorio de empresas ou están no directorio de empresas con demografía B ou X (excluídas)

7) Persoas físicas dedicadas á acuicultura continental na SS (as sociedades xa fóron incluídas todas)

8) Persoas físicas dedicadas á pesca continental na SS (as sociedades xa fóron incluídas todas)

Ao final do proceso, contrástase o ficheiro resultante co Directorio de Empresas, para dar de baixa nalgún dos lados as que coincidan (depuración manual).

Para o resto dos sectores que figuran nas seccións A ou O, incorpórase directamente a información da SS (xa que non temos outra fonte dispoñible) e se contrasta coa información contida no Directorio de Empresas para non duplicar os rexistros, decidindo a súa CNAE mediante depuración manual.

